



CONCELLO DE BUEU

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8 . 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
AEDL@CONCELLODEBUEU.GAL / TLF. 986 39 00 29 / FAX 986 32 20 99
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BUEU E A AGRUPACIÓN DEPORTIVA FUTBOL SALA BUEU PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA.

REUNIDOS

Dunha parte, FÉLIX JUNCAL NOVAS, con DNI nº 52492655P, en nome e representación do Concello de Bueu (en adiante o Concello), con CIF P3600400J, na súa calidade de alcalde - presidente , e no exercicio das competencias que lle confire a lexislación vixente, en especial, o art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o art. 61.1.a da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Por outra banda, Don Francisco Campos Loira, con DNI nº 52496322H en calidade de presidente da Agrupación Deportiva Fútbol Sala Bueu (ADFS Bueu), con CIF G36039600.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense con capacidade suficiente para outorgar e formalizar este convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia e, para estes efectos, de común acordo

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

O Concello ten competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas recollidas nos artigos 25.2.I da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden promover actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Lei 5/97 de administración local de Galicia tamén indica no artigo 80 que as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo son competencias municipais.



Por outro lado, a Lei 3/2012 do deporte de Galicia no seu artigo 8 recolle como competencias dos municipios, entre outras, promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas e organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.

SEGUNDO: A ADFS Bueu é unha asociación deportiva, declarada de utilidade pública, inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas co núm. C-00247 que segundo consta nos seus estatutos, ten como finalidade a práctica da modalidade deportiva de fútbol sala como principal modalidade deportiva.

TERCEIRO: A ADFS Bueu está inscrita no Rexistro municipal de asociacións co número 40 por acordo de XGL en sesión ordinaria celebrada o 18/03/2011.

CUARTO.- A ordenanza xeral de subvencións do Concello de Bueu no seu artigo 19 establece que os convenios será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.

QUINTO: No Plan estratéxico municipal de subvencións para o ano 2024 inclúese dentro da liña estratéxica 2: fomento do deporte, o apoio á realización de actividades deportivas federadas promovidas polos clubs deportivos da localidade.

Entre os obxectivos específicos inclúense:

- *Apoiar o desenvolvemento de actividades deportivas que poidan levar a cabo as distintas asociacións ou clubs.*
- *Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.*
- *Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos do deporte, como forma de participación da cidadanía.*
- *Colaborar co movemento asociativo na organización de eventos deportivos que fomenten a convivencia e participación entre a veciñanza.*
- *Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica deportiva do municipio.*
- *Fomentar un modo de vida saudable así como valores de superación, loita, respecto e de crecemento persoal.*



- Impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva.

- Fomentar unha práctica deportiva integrada nos valores de preservación do medio ambiente e da sustentabilidade.

SEXTO. A Lei 40/2015 de Réxime Xurídico no seu artigo 48.1 establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidade de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Por tanto, tendo en conta a finalidade común das partes, orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte desde a idade escolar, sendo competencia do Concello de Bueu a promoción do deporte e as instalacións deportivas así como a ocupación do tempo libre e dispoñendo as entidades deportivas do sostén técnico e operativo necesario para garantir o desenvolvemento das actividades deportivas e a competición, considérase procedente establecer un marco de colaboración entre ambas partes que regule a colaboración entre as partes asinantes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración das entidades firmantes orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, mediante a práctica deportiva federada na modalidade deportiva de fútbol sala.

SEGUNDA. COMPROMISOS DAS PARTES

Da ADFS Bueu :

- Favorecer a práctica deportiva federada nas idades infantil e xuvenil, mediante o desenvolvemento de actividades físicas de carácter formativo, recreativo e de competición.



- Fomentar hábitos hixiénico-sanitarios inherentes á práctica deportiva.
- Fomentar o ocio saudable a través do deporte como medio para a prevención de prácticas nocivas para a saúde.
- Contribuir a través da práctica deportiva a unha educación en valores que promova a solidariedade, o respecto e a inclusión.
- Cumprir co calendario de competicións da Federación Galega de Fútbol nas diferentes categorías.
- Responsabilizarse dos entrenamentos e competicións, da boa utilización das instalacións e do comportamento dos deportistas.
- Garantir que a competición deportiva e os entrenamentos se realicen en condicións de seguridade.
- Facilitar a asistencia ás competicións, achegando o persoal delegado correspondente que acompañe e titorice aos equipos e/o grupos deportivos.
- Estar dado de alta na(s) federación(s) correspondentes da modalidade deportiva de remo.

O Concello de Bueu comprométese a:

- Prestar á ADFS Bueu o apoio necesario para o cumprimento do presente Convenio poñendo a súa disposición os medios humanos e materiais dispoñibles para cada caso.
- O outorgamento dunha axuda de 8.500 € para facer fronte os gastos que supón a práctica deportiva federada, que terá o carácter de subvención.
- Traballar de forma coordinada coa ADFS Bueu coa finalidade de facilitar a organización dos eventos mencionados.
- Facilitar o acceso ás instalacións deportivas necesarias para o bo funcionamento das actividades obxecto do convenio.

TERCEIRA. RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIAMENTO

O Concello de Bueu achegará á ADFS Bueu unha cantidade total de **8.500 €**, que se financiará con cargo á partida 340.48901 do orzamento municipal de 2023, actualmente prorrogado para o 2024.



Esta achega terá o carácter de subvención e será compatible con outras axudas, subvencións ou ingresos percibidos para a mesma finalidade, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O beneficiario ten a obriga de comunicar á Administración Municipal, no seu caso, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN

Para a xustificación e pagamento final, a ADFS Bueu deberá presentar a seguinte documentación xustificativa **con data límite 15/01/2025**:

- Memoria xustificativa na que se incluírá información sobre as actividades realizadas, asinada polo representante legal.
- Conta xustificativa de gastos: Relación de facturas /gastos para xustificar a subvención concedida, segundo o modelo anexo I.
- Facturas e/ou xustificantes dos gastos subvencionados no período correspondente, así como xustificantes bancarios acreditativos do seu pagamento. Para aqueles gastos con importe inferior a 1.000 € poderase utilizar o pagamento en efectivo e a factura deberá incorporar a lenda de pagado, a data de pagamento, selo da empresa e sinatura e identificación da mesma (Nome completo e NIF de quen asina).
- Conta xustificativa de ingresos :Declaración responsable doutras axudas, subvencións ou ingresos percibidos para a mesma finalidade con indicación da súa procedencia e importe (Anexo II)

No caso de percibir outras axudas ou ingresos, deberán presentar a relación de facturas e/ou gastos para xustificar estas subvencións ou axudas percibidas.

- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e ATRIGA.
- Acreditación da difusión do financiamento percibido do Concello de Bueu.



- Certificación bancaria do número de conta.

QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables os que estean directamente relacionados coa natureza e obxecto do convenio e concretamente:

- Gastos de pagamento de licenzas federativas, viaxes, seguros, aloxamentos e por competicións, arbitraxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, organización de eventos deportivos federados, gastos telefónicos, compras de material e equipamento deportivo, etc.
- Gastos de desprazamento ás competicións deportivas federadas.
- En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados pola práctica deportiva federada da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo dos anos 2022 e 2023 .Quedan excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante os anos 2022 e 2023 que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Os gastos de persoal deberán xustificarse a través de nóminas e xustificantes de pagamento das mesmas, RLC e xustificantes de pagamento, modelo 111 do IRPF e xustificantes de pagamento.

O resto dos gastos xustificaranse con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, xunto coa acreditación de ter realizado o seu pagamento.

Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de deportistas, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.



SEXTA. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

O Concello de Bueu, poderá comprobar, polos medios que considere oportunos, o cumprimento dos obxectivos e actuacións previstas neste Convenio, ademais do investimento das cantidades outorgadas en relación cos seus axeitados fins, e se, tras as actuacións de verificación, resultara que estas non foron destinadas aos fins para os que se terían concedido, a Corporación poderá esixir o reintegro do seu importe. É obriga do beneficiario someterse a estas actuacións de comprobación e inspección a efectuar pola Administración Municipal, as de control financeiro que corresponden á Intervención e as previstas na Lexislación do Tribunal de Contas.

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pago dos xuros de mora que se deveñen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

Así, a axuda concedida deberá ser devolta ou reintegrada nos casos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e en todo caso cando :

- Se obteñan falseando as condicións requiridas.
- Non se apliquen aos fins para os que foron concedidas.
- Incumpra o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións establecidas neste convenio.

Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SÉTIMA. SEGUIMIENTO

1. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por:

- Dúas persoas representantes do Concello
- Dúas persoas representantes da ADFS Bueu

2. A comisión rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da



comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

OITAVA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

O convenio modificarase por acordo unánime das partes de acordo co establecido na lexislación vixente.

NOVENA. EFICACIA E VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio terá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e non se establece a posibilidade de prórroga.

DÉCIMA. INCUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DO CONVENIO

Constituirán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- O incumprimento grave das obrigas propias do Club.
- A insuficiencia notoria de medios, persoal ou materiais para a realización das actividades.
- Impedir ou dificultar as tarefas de inspección ou control dos servizos municipais
- A falta de cumprimento reiterado das obrigas das partes contidas no presente convenio.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- O acordo unánime das partes asinantes.



DÉCIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS

As actuacións deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO SEGUNDA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Ademais publicarse no Portal de Transparencia municipal.

DÉCIMO TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE.

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos ao abeiro do establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

No non previsto nas presentes cláusulas, serán de aplicación as Bases de Execución do vixente Orzamento Xeral Municipal, no relativo ao recoñecemento e pagamento de subvencións; R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 38/2003, do 17 de Novembro, Xeral de Subvencións; Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ademais das normas de dereito administrativo e da xurisdicción contencioso – administrativa.

E para que conste para os efectos oportunos, asinan o presente convenio as partes indicadas na data da sinatura electrónica.

Documento asinado electronicamente á marxe.